




# MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS MEDIOAMBIENTAIS

Facultade de Ciencias de Lugo

# Índice



- **Introdución**
- **A Facultade de Ciencias**
- **Tipo de residuos**
- **Como ser máis sostibles...**
  - **...de modo xeral en toda a Facultade**
  - **...na sala de lectura, aulas e despachos**
  - **...nos baños e aseos**
  - **...nos laboratorios**
- **Máis información**

# Introdución

O presente Manual de Boas Prácticas Medioambientais na Facultade de Ciencias de Lugo forma parte do programa de acción levado a cabo pola Oficina de Desenvolvemento Sostible da Universidade de Santiago de Compostela.

Está dirixido a toda a comunidade da Facultade de Ciencias de Lugo e ten coma principal obxectivo o desenvolvemento dunha boa xestión de produtos e de residuos, utilizados e xerados no seu ámbito de traballo, redución do consumo de enerxía e auga, consumo de papeis, etc., co fin de minimizar o impacto ambiental provocado pola actividade que se realiza na facultade e protexer o medio ambiente.



# A Facultade de Ciencias

A Facultade de Ciencias de Lugo, pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, conta cun edificio principal onde se sitúan as oficinas, a conserxaría, os despachos do profesorado, as aulas, a sala de lectura, cafetería e aseos.

Conta tamén cun edificio de laboratorios no que ademais se atopan despachos e aseos.





# Tipos de residuos

Os residuos que principalmente atopamos na facultade poden dividirse en dous grandes grupos:

## **Residuos urbanos**

Aqueles que non teñen a calificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poden asimilarse aos producidos nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos. Na nosa facultade encontramos principalmente:

- Materia orgánica
- Papel de escritos e apuntamentos.
- Plásticos e cartóns.
- Soportes dixitais (CDs, DVDs, disquetes).

## **Residuos perigosos**

Aqueles que figuran na lista de residuos perigosos, así como os envases e recipientes que os contiveran. Dentro de esta categoría, na Facultade de Ciencias xéranse os seguintes residuos perigosos:

- Cartuchos de tinta e de tónor de impresoras, fotocopiadores, FAX, etc.
- Pilas de teclados e ratos. Baterías de portátiles.
- Distintos produtos químicos de laboratorio.
- Residuos biolóxicos.

## **Residuos especiais**

- Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos: equipos informáticos en desuso, calculadoras, FAX, etc.

A sostibilidade é cousa de todos. Seguindo unhas pequenas e sinxelas pautas, e cambiando un pouco o estilo de vida cada un de nós podemos conseguir unha facultade máis sostible, e non só no ambiental.



**¿COMO SER MÁIS SOSTIBLES...**



## ...de modo xeral en toda a Facultade?

Mantén portas e fiestras pechadas coa calefacción acesa: facilita alcanzar a temperatura óptima.



A luz natural é máis beneficiosa, ¡aprovéitaa!

Se non queda ninguén traballando nunha estancia apaga a luz ó saír sempre que sexa posible.



## ...de modo xeral en toda a Facultade?



Emprega os contedores especiais do punto verde situado en conserxaría para os residuos reciclables: papel, plástico, tóner, pilas, CDs, DVDs, disquetes, móbiles.

Emprega o correo electrónico, sempre que podas, antes de vía fax ou correo postal, aforrarás o emprego de papel.





## ...na Sala de Lectura, aulas e despachos?




Se non o estás usando, non deixes o ordenador aceso durante longos periodos.  
Mellora a túa configuración de aforro de enerxía.

Para manter a eficiencia enerxética da batería desconecta con frecuencia o portátil da red.



Conexións: se é posible coloca unha base de enchufes con interruptor. Se o apagas ó finalizar a túa xornada de estudo non existirá consumo residual.



## ...na Sala de Lectura, aulas e despachos?



Estudia a posibilidade de empregar papeis da bandexa de reutilización como borrador.

Emprega papel reciclado, os bosques agradecerancho.



Non tires o papel se podes empregalo para outros usos.

## ...na Sala de Lectura, aulas e despachos?



Non imprimas apuntamentos e traballos se non é necesario.

Se tes que imprimir algo, faino a dobre cara, aforraras papel!



Evita imprimir as presentacións con fondo escuro, eso significa empregar moita tinta.

## ...nos baños e aseos?

Non tires lixo ó inodoro agás o papel hixiénico. Para iso emprega as papeleras.




Pecha a billa sempre que non a esteas empregando. Non deixes correr a auga.

Non vertas líquidos perigosos polos desaugadoiros.



## ...nos laboratorios?



Non tires líquidos inflamables, tóxicos, perigosos, etc., polos desaugadoiros. Infórmate de como tratalos.

Deposita cada residuo no bidón correspondente. Non os botes todos xuntos.



Reutiliza sempre que poidas as sustancias químicas. Elixe procedementos que produzan menos residuos perigosos.

## ...nos laboratorios?



Controla o uso da auga. Non abras a billa se aínda non o necesitas e péchaa cando remates.

Non acendas os aparatos eléctricos antes de tempo. Espera ata que sexa necesario.



Coida a manipulación de reactivos e produtos para evitar erros que fagan necesaria a repetición do procedemento, e polo tanto o aumento de residuos e uso de enerxía e auga.



## ...nos laboratorios?



Coñece os símbolos de perigosidade e toxicidade. Axudaranche a saber como manexar os produtos.

Coñece os riscos e a perigosidade para o medio ambiente dos produtos químicos empregados.




Aplica as regras de orden e limpeza para evitar riscos ambientais.

# Máis información

Para máis información sobre sostibilidade e consellos de boas prácticas ambientais visita a páxina web da Oficina de Desenvolvemento Sostible da USC.

[www.usc.es/plands](http://www.usc.es/plands)



Información recollida por Alba  
Fernández Pombal, Bolseira SPIU da  
F. de Ciencias do Campus de Lugo.